



INSTRUCCIÓN 5/2020, DO 15 DE OUTUBRO, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO DAS AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS FINANCIADAS AO ABEIRO DAS AXUDAS PARA A CREACIÓN, RECOÑECEMENTO E ESTRUTURACIÓN DE AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, CONVOCADAS NO 2018.

A Orde do 4 de xullo de 2018 (DOG número 134, do 13 de xullo de 2018) establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e procede á súa convocatoria para o exercicio 2018. O artigo 17 da citada orde está dedicado a establecer os mecanismos de control e de avaliación do rendemento das axudas, centrados fundamentalmente, entre outros criterios, nos indicadores que figuran na memoria descritiva da solicitudes.

De acordo co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación do rendemento das agrupacións estratéxicas financiadas con cargo ás axudas reguladas pola Orde do 4 de xullo de 2018 (DOG número 134, do 13 de xullo de 2018) para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia, de acordo co establecido no seu artigo 17.

2.- A avaliación levarase a cabo (baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións) por expertos de fóra do SUG, a partir da documentación xa facilitada polas universidades beneficiarias das axudas ao longo do proceso e de acordo coa documentación e criterios que se sinalan nos puntos 3, 4, 5 e 6 desta instrución.

3. Requiririlles ás universidades beneficiarias nova documentación, necesaria para a avaliación de ter superado con aproveitamento o programa, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o rendemento das agrupacións. Esta documentación, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, deberá ser presentada polas universidades a través da sede electrónica da



Xunta de Galicia por medio do procedemento PR0004A. A documentación terá que remitirse antes do 6 de novembro.

4. Toda a documentación presentarse en formato pdf e de folla de cálculo de acordo cos modelos obrigatorios que están ao seu dispor na páxina <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25477> e aterase á seguinte estrutura, contidos e alcance:

- (a) Introducción explicando os campos científicos nos que a Agrupación quere ser excelente. Necesariamente serán poucos e acordes coa masa crítica que a Agrupación quere alcanzar (1.200 palabras).
- (b) Descrición do proceso de integración
 - b.1. Contexto. DAFO que guiou o proceso de integración e que xustifica as accións emprendidas (3.000 palabras).
 - b.2. Breve descrición da estrutura inicial dos grupos que compoñían a Agrupación e do estado actual. Este apartado debe ser un resumo moi corto do exposto na Memoria que permitiu a selección da Agrupación no ano 2018. O equipo de avaliación terá acceso a aquela Memoria, polo que a énfase deberá facerse solo naqueles aspectos que axudaron á integración ou que a dificultaron. O obxectivo é avaliar o esforzo realizado (6.000 palabras)
 - b.3. Descrición das dinámicas para propiciar a integración (3.000 palabras).
- (c) Organización científica. Descrición detallada da estrutura final que se pretende e da situación actual, explicando o camiño que queda por percorrer (6.000 palabras).
- (d) Gobernanza (3.000 palabras).
- (e) Investigación, transferencia e formación. Descrición e cuantificación dos resultados obtidos e dos esperados no prazo de catro anos. Estes resultados deben referirse fundamentalmente a aspectos de investigación e transferencia pero, tendo en conta que se trata de institucións universitarias, tamén se fará referencia e se valorarán aspectos docentes e formativos. (Investigación 1.200 palabras; Transferencia 1.200 palabras; Formación 600 palabras).
- (f) Execución económica do proceso de integración. Resumo en grandes partidas dos fondos investidos no proceso de integración (600 palabras). Este apartado non substitúe ningún control ou seguimento que a Xunta debe efectuar do uso de recursos públicos.
- (g) Cadros de indicadores (formato folla de cálculo) de acordo co modelo facilitado.

O alcance do documento pretende:

- (a) Explicar cales son os campos científicos nos que a Agrupación aspira á excelencia, como consecuencia da integración das capacidades investigadoras dos grupos que optaron por constituírse en Agrupación.



- (b) Demostrar que os grupos que optaron por constituírse en Agrupación se integraron para dar lugar a unha nova estrutura que poderá iniciar, ou que xa ten iniciado, o camiño cara á excelencia científica.
- (c) Demostrar, no seu caso, cales son os logros que a integración ten feito posible. Dado que se trata dunha Agrupación universitaria, estes logros deben referirse ás tres misións da Universidade: docentes, investigadoras e de transferencia de coñecemento.

5. Durante o proceso de avaliación o panel avaliador poderá requirir unha sesión presencial coas persoas directoras científicas das unidades e/ou co responsable da universidade solicitante para unha mellor comprensión das traxectoria da agrupación, se así se considerase necesario. Para tal fin as persoas responsables poderán ser convocadas á dita sesión coas debidas garantías procedementais.

6. Os avaliadores considerarán os seguintes ítems:

Gobernanza

Integración

Traxectoria (camiño recorrido)

Expectativa

Indicadores de investigación, transferencia e formación.

Cada ítem será valorado de acordo coa seguinte escala cualitativa:

A Moi bo

B Bo

C Correcto

D Deficiente

Aquelas Agrupacións que presenten unha cualificación mínima (D) en 4 ítems, considerárase que non teñen desenvolvido un traballo suficiente na execución da axuda e as súas universidades deberán de proceder a un reintegro parcial ou total da axuda en función das circunstancias en virtude dun expediente que se instrumentará ao respecto.

Unha vez que remate a vixencia da axuda, e finalizado o proceso de avaliación, as Agrupacións quedarán extinguidas para os efectos da Secretaría Xeral de Universidades. O informe final de avaliación poderá propoñer (de ser viables) alternativas de continuidade e/ou reformulación das unidades. A Consellería de Educación poderá considerar esta avaliación nun futuro se estima oportuno, de maneira excepcional, instrumentar algunha acción de apoio neses campos estratéxicos.

Santiago de Compostela
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

